

XENERASON CAMP!

2023 16-22 XULLO 2023 16-22 X

FORMANDO
FUTURAS
PROMESAS

UNHA FORMACIÓN
APTA PARA
VALENTES
DA MÚSICA!



GO!
GO!ZO!



PAREDES DE COURA



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

BASES XENERASON CAMP Go!Go!Zo!

Qué é o XeneraSon Camp?

É unha iniciativa inédita de colaboración transfronteiriza que permitirá formar aos talentos de Galicia na Escola do Rock Paredes de Coura, un centro de ensino musical do norte de Portugal. Desde Go!Go!Zo! ofrecémosche a posibilidade de participar nunha residencia intensiva que che dará a **posibilidade de vivir esta vila do rock** dunha forma única e experimentar un **modelo de ensino diferente** ao formal.

A quen está dirixido?

Esta proposta está dirixida á **mocidade a partir dos 13 anos** con coñecementos musicais previos, ben de xeito formal, ben autodidacta.

Cando e onde terá lugar?

O XeneraSon Camp desenvolverase **entre os días 16 e 22 de xullo en Paredes de Coura** (principalmente, no Centro Cultural de Paredes de Coura) e tamén nalgúns puntos de Galicia.

Como se desenvolverá o programa?

O XeneraSon Camp incluírá unha **residencia intensiva** na que, durante **unha semana**, a mocidade participante vai ensaiar unha setlist para **protagonizar concertos en formato de big band**. Os devanditos ensaios adaptaranse a diferentes instrumentos e voces.

Ademais dos ensaios, o XeneraSon Camp tamén inclúe **actividades complementarias** como workshops de comunicación e produción musical, produción audiovisual ou fanzines, entre outros. Algunhas destas sesións serán orientadas por **formadores internacionais** a través do proxecto europeo **Trainers4Creativity**.

➤ **16 de xullo:** comezo do curso ás 14.00 horas (hora portuguesa) na Escola do Rock Paredes de Coura

➤ **17 a 19 de xullo:** sesións formativas e actividades complementarias

➤ **20 de xullo:** concerto en Paredes de Coura

➤ **21 de xullo:** concerto no festival Go!Go!Zo!

➤ **22 de xullo:** concerto noutro punto de Galicia e fin do XeneraSon Camp

Como reservar praza?

As inscricións deberanse formalizarse a través desta **ligazón**, onde se procederá a realizar o pago correspondente por esta formación intensiva dunha semana. O **prezo de reserva** esténdese do **5 ao 20 de xuño**. As **prazas están limitadas** a un total de **10**. O **anuncio das prazas adjudicadas** realizarase o **30 de xuño**.

Canto custa?

Desde Go!Go!Zo! queremos facilitarche a túa formación e colaboramos no desenvolvemento desta iniciativa formativa, que só terá un **custo de 165 €**. O **prezo inclúe** traslados -o desprazamento a Paredes de Coura corre a cargo da persoa participante-; aloxamento e manutención; formación completa e actividades complementarias

Queres vivir unha experiencia formativa diferente? Non o dubides! Inscríbete xa!

Máis información: <https://escoladorock.paredesdecoura.pt/>